


# DO CONTRIBUINTE

# GUIA

Concello de Lugo



Concello de Lugo

## MEDIOS DE PAGAMENTO:

De cara á súa comodidade recoméndase domiciliar todos os seus recibos nunha ou varias contas bancarias. Deste xeito evitase ter que acudir ás Oficinas Municipais de recadación ou ás Entidades Colaboradoras para a realización do pagamento.

## DOMICILIACIÓN BANCARIA

CONCEPTO TRIBUTARIO	DATA DE CARGO NA CONTA BANCARIA DE DOMICILIACION
Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	5 outubro*
Imposto sobre bens inmobles	50% 5 de xuño / 50% 5 de setembro*
Imposto sobre actividades económicas	5 decembro*
Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública (pasaxes)	5 outubro*
Taxa de auga, lixo e sumidoiro	1º trimestre: 5 xuño* 2º trimestre: 5 setembro* 3º trimestre: 5 decembro* 4º trimestre: 5 marzo*

\*Ou o inmediato día hábil seguinte

**EN CAIXEiros AUTOMÁTICOS:** Pode pagar os seus recibos nos caixeiros automáticos das Entidades Colaboradoras que dispoñan deste servizo.

**EN INTERNET:** Pode pagar os seus recibos a través da propia páxina web do Concello ([www.lugo.es](http://www.lugo.es)) ou a través das pasarelas de pagamento das Entidades Colaboradoras.

Se non ten domiciliado o pagamento dos seus tributos, achegáremos-lle o recibo por correo ordinario ao domicilio fiscal correspondente. Poderá aboalo nas entidades colaboradoras antes do vencemento do período voluntario.

A falta de pagamento dará lugar á utilización da vía de constrinximento coa aplicación das recargas, xuros e custas que legalmente procedan.

Na domiciliación do IBI a devolución do recibo correspondente ó primeiro cargo do 5 de xuño implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ó pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento e do segundo cargo.

## TRIBUTOS MUNICIPAIS

**IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM):** Teñen que pagar este imposto todos os propietarios de vehículos dados de alta no Concello de Lugo, que figuren como titulares a 1 de xaneiro de cada ano.

**IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI):** Están obrigados a pagar este imposto os propietarios, usufrutuarios ou concesionarios de calquera ben inmovible (piso, praza de garaxe, ...) que figuren como titulares a 1 de xaneiro de cada ano

**IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE):** Deben pagar este imposto todas aquelas empresas que facturen máis dun millón de euros ao ano e se atopen na matrícula do imposto aprobada polo concello.

**TAXA DE AUGA/LIXO:** Deben pagar esta taxa todas as persoas ou entidades que gocen do servizo de auga/recollida de residuos sólidos de vivendas e locais onde se exerzan actividades industriais,...

+INFO: [www.lugo.es](http://www.lugo.es) e no teléfono 010.

## BENEFICIOS FISCAIS

IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO-LICENZAS URBANÍSTICAS)		IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)	
Rehabilitacións en zona PEPRI:	95%	Vehículos matrícula histórica:	100%
Rehabilitacións en zona rural:	95%	Vehículos de persoas con discapacidade superior ó 33%:	100%
Instalación de calefacción e ascensor en edificios cunha antigüidade mínima de 15 anos:	95%	Vehículos ecolóxicos (durante 3 anos):	50%
Pintura e tratamento de fachadas:	95%	<b>IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)</b>	
Accesibilidade:	50%	Inmobles obxecto da actividade de empresas de urbanización:	90%
Sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar:	25%	Vivendas de protección oficial (durante 3 anos):	50%
Excavacións arqueolóxicas:	95%	Cooperativas agrarias:	95%
		Familias numerosas:	en función da renda familiar
IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (PLUSVALÍAS)			
Transmisións por herdanza da vivenda habitual a descendentes e adoptados, ascendentes e adoptantes e conxuxe ou parella de feito:		Valor catastral (0 - 8.000 euros)	95%
		Valor catastral (8.000,01 - 16.000 euros)	50%
		Valor catastral (máis de 16.000 euros)	25%

As bonificacións deben solicitarse a instancia de parte e acreditarse as circunstancias documentalmente

## CALENDARIO ANUAL:

XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO
			IBI do 20 de abril ao 20 de xuño		
AUGA LIXO do 20 de xaneiro ao 20 de marzo			AUGA LIXO do 20 de abril ao 20 de xuño		
XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
	IVTM do 20 de agosto ao 20 de outubro		IAE do 20 de outubro ao 20 de decembro		
	PASAXES do 20 de agosto ao 20 de outubro				
AUGA LIXO do 20 de xullo ao 20 de setembro			AUGA LIXO do 20 de outubro ao 20 de decembro		

Esta guía é meramente orientativa. As **ordenanzas fiscais** completas atópanse publicadas no BOP de Lugo e están dispoñibles no departamento de Facenda Local do Concello de Lugo.

### PUNTO DE INFORMACIÓN CATASTRAL:

O Excmo. Concello de Lugo conta cun punto de información catastral (PIC), de xeito que facilita o exercicio do dereito a obter a información catastral por parte do cidadán.

Este PIC está dispoñible no **Servizo de Facenda Local**, sito na **Ronda da Muralla, 197, 2º andar** ou na **oficina sita en Ronda da Muralla nº 7-8, baixo**.

### MODELO DE DOMICILIACIÓN DE RECIBOS:

Para a súa comodidade recoméndase domiciliar todos os seus recibos xa que o Concello encárgase de todo. Deste xeito evítase ter que acudir ás Oficinas Municipais de recadación ou ás Entidades Colaboradoras para a realización do pagamento.

**É moi sinxelo, só ten que encher este impreso e entregalo na Tesourería Municipal, envíalo por fax ao núm.: 982 297 357, ou depositalo en calquera das entidades bancarias colaboradoras.**

**ADVERTENCIA:** As domiciliacións de pagamento terán validez por tempo indefinido, en tanto non sexan anuladas polo interesado ou non sexan devoltos polo banco os recibos dúas veces consecutivas e polo mesmo concepto tributario.

Unha vez asinada, poderá recortalo e entregalo na Tesourería Municipal, sita na Ronda da Muralla, 197, 2º andar, envíalo por fax ó núm.: 982 297 357, ou depositalo en calquera das entidades bancarias colaboradoras.

Datos do titular da conta bancaria:

NIF / CIF		Nome ou razón social	
Domicilio fiscal		Municipio	
Provincia	Código Postal	Teléfono/s	

Código Entidade	Código Sucursal	DC	Número de conta

Recibos dos que se solicita domiciliación:

Titular do recibo	Concepto (auga/lixo/IBI/IVTM)

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200

Sinatura,